


NA CASA DAS ÁRBORES



ISABELL SEIDEL+ANXO MOURE

PDF Creator Trial

Mª Esther Prieto Prieto

PRESENTACIÓN DA HISTORIA

Meniñas e meniños, esta é a historia dunha casa singular, non está nunha praza, nin nas beiras do mar, non ten ascensor nin garaxe onde os coches poidan aparcar.

A casa fora pousada, tecida, labrada, construída no berce dun castiñeiro con madeira de abeleira, freixo e piñeiro por un soñador carpinteiro.

Encima dela a "nana das árbores" podías escoitar. Podes durmir, cantar, cocinar, mesmo un queixo con marmelo merendar mentres les as guías de campo do Félix Rodríguez de la Fuente que aos cativos de hai anos, a fauna salvaxe ensinounos amar.

Unha noite de luar chegaron fadas e trasnos, magas tecedoras, lobiñas espectaculares. Viña dende moitos lugares, camiñando, voando, en bici pedaleando ou nunha besta cabalgando. Agasalláronnos contos, cantos e historias, neste libro pousáronse algunhas delas acompañadas dunha carta que chegou a lomos do señor vento, carta de acivros e sobreiras, escrita con tinta de loureiro e lapis de fento.

ANXO MOURE

"O carballo con botas"

Despois de ler a lectura contesta as seguintes preguntas:

- 1- ¿Onde estaba construída a casa?.....
- 2- ¿Quen construíu a casa?.....
- 3- ¿Quen chegou á casa unha noite de luar?
-
- 4- ¿Como chegaron?.....
- 5- ¿Que agasallos trouxeron?
-
- 6- ¿Como chegou a carta?.....
- 7- ¿Con que estaba escrita a carta?.....